

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA.

ASUNTO: Resolución de Concesión Definitiva das Axudas do Concello de Sobrado para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, PEL-Reactiva.

EXPEDIENTE Nº: 2020/A002/000004.

EXPEDIENTE DECRETO Nº: 2021/G003/000063.

Vista a Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña núm. 2020/23462 na que aprobáronse as bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA DESTINADO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES (BOP núm. 123, do 05/08/2020) e por Resolución de Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 2020/24109 de data de 07/08/2020 modificouse a anterior Resolución (BOP núm. 128, do 12/08/2020). Nas citadas bases inclúese a Norma 18: Bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia.

Vista que na data do 02/10/2020, por medio de Resolución de Alcaldía núm.326/2020, o Concello de Sobrado adhiérese ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, para convocar unha liña de subvencións para mitigar o excepcional impacto económico e social derivado da crise sanitaria ocasionada pola covid-19 e a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma e as súas posteriores prórrogas.

Vista a Resolución da Deputación Provincial da Coruña núm. 2020/32931 de 28/10/2020 (BOP nº 181) pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da Provincia da Coruña (PEL-REACTIVA).

Vista que na data do 04/11/2020 publícase no BOP núm. 186, o extracto da convocatoria de axudas do Concello de Sobrado no que se establece o inicio do prazo de presentación de solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña e finalizará ás 14.00 horas do 25/11/2020.

Visto o informe proposta de resolución provisional das axudas concedidas, así como das solicitudes desestimadas, formulado polo órgano instructor de valoración e no que se transcribe:

“RELACIÓN DE SUBVENCÍONS CONCEDIDAS E DESESTIMADAS:

RELACIÓN DE SOLICITUDES POR ORDE DE PUNTUACIÓN. **GRUPO I:** *Que se visen afectados polo peche, en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.*

SOLICITANTE		PUNTUACIÓN
1	CAFETERÍA PLAZA SOBRADO S.L	24
2	RAMOS SEOANE S.L	23
3	AS CRUCES HOSTELERÍA S.L	22
4	HOSTELERÍA REAL S.L	21
5	JESÚS GARCÍA FANDIÑO	20
6	CASA DO QUEIXO DE GRIXALBA S.L	19
7	SILVIA BARBA ABAD	11
8	VANESSA MATO SÁNCHEZ	11
9	JOSEFA VARELA FREIRE	11
10	MARÍA JESÚS SANTOS GÓMEZ	7
11	MARÍA PILAR COTOS CABADO	7
12	BRIAN ALDARIZ OTERO	7
13	JOSÉ MANUEL CARDESÍN ABAD	7
14	MARÍA OTILIA RAMOS SOUTO	7

Coa valoración e baremación deste Grupo I, esgotouse xa todo o crédito dispoñible para os seguintes grupos, quedando incluso solicitantes excluídos deste Grupo I por esgotamento do crédito.

ESGOTAMENTO DE CRÉDITO PARA O **GRUPO II:** *Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.*

ESGOTAMENTO DE CRÉDITO PARA O **GRUPO III:** *Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.*

RELACIÓN DE SOLICITUDES DESESTIMADAS:

SOLICITANTE	MOTIVO DA DESESTIMACIÓN
MARÍA ROCÍO COTOS CABADO	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO I)
MARÍA CRUZ SUÁREZ RAMOS	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO I)
CONSUELO ISABEL ARES SUÁREZ	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO I)
CONFECCIONES LÓPEZ FIDALGO S.L	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO II)
MANUEL JESÚS LANDAETA DÍAZ	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO II)
OLGA ENRÍQUEZ CORRAL	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO II)
MARÍA PILAR LÓPEZ VÁZQUEZ	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO II)
ALEJANDRO MÁRQUEZ SANTOS	A ACTIVIDADE ECONÓMICA POLA QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN NON CUMPRE CON NINGUNHA DAS ACTIVIDADES ENCADRADAS NO GRUPO I, SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA.
VÍA SACRA S.L	A ACTIVIDADE ECONÓMICA POLA QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN NON CUMPRE CON NINGUNHA DAS ACTIVIDADES ENCADRADAS NO GRUPO I, SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA.
GEISY POLIANA CAMPOS LOPES	NON TEN DOMICILIO FISCAL DA ACTIVIDADE NO CONCELLO DE SOBRADO E POLO TANTO NON CUMPRE COS REQUISITOS DO GRUPO SELECCIONADO.

Este é o informe do órgano instructor”.

Vista a Resolución de concesión provisional das axudas PEL-REACTIVA, de data 28/01/2021, na que se concede un prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional e notificación da mesma, para que os solicitantes poidan comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas.

Visto que durante este período se presentaron dúas alegacións á dita Resolución, que foron:

SOLICITANTE	ALEGACIÓN
ALEJANDRO MÁRQUEZ SANTOS	O SOLICITANTE ALEGA QUE CUMPRE CON ALGUNHA DAS ACTIVIDADES ENCADRADAS NO GRUPO I E OS SEUS REQUISITOS, SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA. (REXISTRO DE ENTRADA NA SEDE ELECTRÓNICA: 202199900000050 DE DATA 10/02/2021)

VÍA SACRA S.L	O/A SOLICITANTE (EMPRESA) ALEGA QUE CUMPRE CON ALGÚN/HA DAS ACTIVIDADES E REQUISITOS DO GRUPO I, SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA. (REXISTROS DE ENTRADA NA SEDE ELECTRONICA Nº: 202199900000053 E Nº: 202199900000054 DA DATA 12/02/2021)
---------------	---

O Órgano Instructor logo de ver as alegacións presentadas á concesión provisional en tempo e forma legalmente establecido;

INFORMA:

1. En relación á alegación presentada por D. Alejandro Márquez Santos: Foi revisada dita alegación e non está nin acreditado nin xustificado que a actividade pola que solicita a subvención no Grupo I, este encadrada nin incluída en dito Grupo I, polo que se deixa constancia de que non se podería incluír en dito Grupo I, por non cumprir o requisito de que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.

2. En relación á alegación presentada pola empresa VÍA SACRA S.L: Foi revisada dita alegación e no punto segundo de dita alegación, a solicitante manifesta/di/alega literalmente o seguinte:

“..... Así las cosas, esta documental deja constancia de que durante los dos primeros trimestres del 2020 el establecimiento turístico no emitió ningún tipo de factura porque se encontraba cerrado al público, y en consecuencia, no tuvo ningún tipo de ingreso”. Con este manifesto ou alegación di claramente que este establecemento estaba pechado antes de que se producise a declaración do estado de alarma na situación da crise sanitaria pola COVID-19, segundo ao disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, e a súa posterior modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo, e que comprenden ás persoas beneficiarios do Grupo I, polo tanto queda probado que este establecemento estaba pechado antes da crise sanitaria do COVID-19, polo tanto se estaba pechado ao público non estaba aberto na momento da crise sanitaria producida pola COVID-19, e ademáis da documentación que presenta na alegación non queda probada e demostrada fehacientemente e con documentos legais e probatorios da documentación que se lle solicitou por parte do Concello de Sobrado, para poder incluír a dito establecemento como beneficiario do Grupo I, así polo tanto, se desestima tamén dita alegación.

A Alcaldía é competente para resolver segundo o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por todo isto, a Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Ditar resolución de concesión definitiva aos/ás solicitantes que a continuación se relacionan e coas contías indicadas:

ORDE	SOLICITANTE	TOTAL PUNTOS	CONTÍA
1	CAFETERÍA PLAZA SOBRADO S.L	24	2.500,00 €
2	RAMOS SEOANE S.L	23	3.000,00 €
3	AS CRUCES HOSTELERÍA S.L	22	2.000,00 €
4	HOSTELERÍA REAL S.L	21	2.500,00 €
5	JESÚS GARCÍA FANDIÑO	20	3.000,00 €
6	CASA DO QUEIXO DE GRIXALBA S.L	19	2.000,00 €
7	SILVIA BARBA ABAD	11	2.500,00 €
8	VANESA MATO SÁNCHEZ	11	2.000,00 €
9	JOSEFA VARELA FREIRE	11	2.000,00 €
10	MARÍA JESÚS SANTOS GÓMEZ	7	1.500,00 €
11	MARÍA PILAR COTOS CABADO	7	1.500,00 €
12	BRIAN ALDARIZ OTERO	7	1.500,00 €
13	JOSÉ MANUEL CARDESÍN ABAD	7	1.500,00 €
14	MARÍA OTILIA RAMOS SOUTO	7	1.500,00 €

SEGUNDO.- Ditar resolución de denegación definitiva aos/ás solicitantes que a continuación se relacionan polos motivos indicados:

SOLICITANTE	MOTIVO DA DESESTIMACIÓN
MARÍA ROCÍO COTOS CABADO	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO I)
MARÍA CRUZ SUÁREZ RAMOS	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO I)
CONSUELO ISABEL ARES SUÁREZ	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO I)
CONFECCIONES LÓPEZ FIDALGO S.L	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO II)
MANUEL JESÚS LANDAETA DÍAZ	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO II)
OLGA ENRÍQUEZ CORRAL	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPO II)

MARÍA PILAR LÓPEZ VÁZQUEZ	ESGOTAMENTO DE CRÉDITO DESTA SUBVENCIÓN (GRUPOII)
ALEJANDRO MÁRQUEZ SANTOS	A ACTIVIDADE ECONÓMICA POLA QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN NON CUMPRE CON NINGUNHA DAS ACTIVIDADES ENCADRADAS NO GRUPO I, SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA.
VÍA SACRA S.L	A ACTIVIDADE ECONÓMICA POLA QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN NON CUMPRE CON NINGUNHA DAS ACTIVIDADES ENCADRADAS NO GRUPO I, SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA.
GEISY POLIANA CAMPOS LOPES	NON TEN DOMICILIO FISCAL DA ACTIVIDADE NO CONCELLO DE SOBRADO E POLO TANTO NON CUMPRE COS REQUISITOS DO GRUPO SELECCIONADO.

TERCEIRO.- A conta xustificativa da axuda outorgada cumprirá as seguintes especificacións:

O **período subvencionable** abrangue dende o mes de **marzo de 2020** (incluído) ata o **31 de decembro de 2020**.

Só serán subvencionables os **gastos efectivamente pagados dentro do período subvencionable**.

Os/As beneficiarios/as da subvención deberán presentar a **documentación xustificativa** referida expresamente aos conceptos de gasto como data máxima o **31 de marzo de 2021**.

Os/As beneficiarios/as están obrigados/as a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia / Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais, ou no caso das microempresas a manter a mesma forma xurídica polo menos 3 meses dende a finalización do período subvencionable.

O Concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación dos xustificantes de gasto efectivamente pagados dentro do período subvencionable. No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificativo. O IVE non se considerará en ningún caso, gasto subvencionable.

GASTOS SUBVENCIONABLES	
Compra de material	Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza.
Arrendamentos e canons	Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións. Gasto directo: - O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación e parentesco

	ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade e co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking. - O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.
Reparación e conservación	Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á Covid-19 (mamparas de protección, etc.). Gasto directo.
Primas seguros	Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo.
Subministracións	Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo.

CUARTO.- O acordo de concesión ou denegación da subvención porá fin á vía administrativa, sendo aplicable o réxime de recursos establecidos na Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

QUINTO.- Esta resolución publicarase tamén na sede electrónica do Concello de Sobrado a título informativo.

SEXTO.- Notificar este acordo aos/ás interesados/as, indicándolles o réxime de recursos procedentes.

Mándao e asíno o sr . alcalde, en Sobrado , na data da sinatura electrónica ao marxe, do que eu, como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Luis Lisardo Santos Ares

Alejandra D. Fandiño Sánchez